



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN  
DATA 4 DE AGOSTO DE 2023**

**PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

**MEMBROS:**

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

ISMAEL DURAN BEREIJO

LUCIA PICOS ANEIROS

**AUSENTES:**

Excusa a súa asistencia a concelleira:

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

**SECRETARIA:**

ANA VELO RUIZ

**INTERVENTORA:**

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:10 horas do día 4 de agosto de 2023, réunese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 21.07.2023**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 21.07.2023 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2. APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABOADOS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2023 DE SUBMINISTRO DE AUGA E SUMIDOIROS**

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 31.07.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.cedeira.gal> es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado a continuación.



### ASUNTO: APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABOADOS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2023 DE SUBMINISTRO DE AUGA E SUMIDOIROS

Con data 24.03.2023 (rex. entrada núm. 202399900000702) a empresa VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U. presenta o resumo da facturación e o Padrón de aboados deste Concello, por subministro de auga e sumidoiros correspondente ao 1º trimestre do ano 2023.

Por isto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o padrón de aboados correspondente ao 1º trimestre do ano 2023 de subministro de auga e sumidoiros por un total xeral de contratos de **4.658** e un importe total xeral de **203.481,05 €** e a publicación do anuncio deste Padrón no Boletín Oficial da Provincia e a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de 15 días, a efectos de reclamacións. No caso de non presentarse alegacións entenderase aprobado definitivamente o acordo provisional.

Asemade no recibo da auga inclúese o Canon da Auga, e igualmente advírtese ao contribuínte de que a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e asemade, indícase que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### 3. APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABOADOS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO ANO 2023 DE SUBMINISTRO DE AUGA E SUMIDOIROS

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 31.07.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

### ASUNTO: APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABOADOS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO ANO 2023 DE SUBMINISTRO DE AUGA E SUMIDOIROS

Con data 19.07.2023 (rex. entrada núm. 202399900001603) a empresa VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U. presenta o resumo da facturación e o Padrón de aboados deste Concello, por subministro de auga e sumidoiros correspondente ao 2º trimestre do ano 2023.

Por isto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o padrón de aboados correspondente ao 2º trimestre do ano 2023 de subministro de auga e sumidoiros por un total xeral de contratos de **4.674** e un importe total xeral de **202.545,30 €** e a publicación do anuncio deste Padrón no Boletín Oficial da Provincia e a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de 15 días, a efectos de reclamacións. No caso de non presentarse alegacións entenderase aprobado definitivamente o acordo provisional.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.cedeira.gal/cedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á maxe.



Asemade no recibo da auga inclúese o Canon da Auga, e igualmente advírtese ao contribuínte de que a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e asemade, indícase que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

#### 4. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 7 DA OBRA DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS NA AVDA. ESPAÑA, RÚA PONTE NOVA E OUTRAS. POS+ADIC 2/2021

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 31.07.2023, que literalmente di:

##### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

**ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 7 DA OBRA DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS NA AVDA. ESPAÑA, RÚA PONTE NOVA E OUTRAS. POS+ADIC 2/2021**

**Expte. 2021/C003/000001**

D. Rubén Ferrero Pérez, con NIF , en representación da empresa MERAKI CR S.L., con C.I.F. núm. B06909501, adxudicataria das obras “Mellora das beirarrúas na Avda. España, Rúa Ponte Nova e outras”, presentou a seguinte documentación con data 03.07.2023 (R.E. 2023/999/1449):

- Certificación núm. 7 polo importe de 24.983,22 €

A factura correspondente á certificación de obra núm. 7, expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:

Factura con nº de registro de facturas F/2023/1830, de data 03.07.2023, nº de factura 2023\_A07\_01, correspondente á certificación nº 7 da obra “Mellora das beirarrúas na Avda. España, Rúa Ponte Nova e outras” por importe de 24.983,22 €.

Con data 27.07.2023 emitíuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada, sendo a conta da certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar a certificación de obra núm. 7 da obra “Mellora das beirarrúas na Avda. España, Rúa Ponte Nova e outras” polo importe de 24.983,22 € e a correspondente factura do mesmo importe.

2.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.



3.- Remitir á Excm. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.

4.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

5.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### 5. PRÓRROGA DO CONTRATO DENOMINADO “SENDA PEONIL E AMPLIACIÓN DE CALZADA EN CORDOBELAS. POS+2022”

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 02.08.2023, que literalmente di:

#### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto: PRÓRROGA DO CONTRATO DENOMINADO “SENDA PEONIL E AMPLIACIÓN DE CALZADA EN CORDOBELAS. POS+2022”**

**Expte.: 2022/C003/000002**

Mediante a Resolución de alcaldía núm. 92/2023 de 1 de marzo foi adxudicado o contrato de obra denominado “Senda peonil e ampliación de calzada en Cordobelas” á empresa HORDESCÓN, S.L.; e con data 17.03.2023 o adxudicatario asinou a súa conformidade con este documento contractual.

A acta de comprobación do trazado de planta foi formalizada con data 10.04.2023.

O prazo de execución deste contrato é de 3 meses, polo que debería finalizar a obra o día 10.07.2023.

Con data 05.07.2023 (R.E. 2023/999/1488) a empresa adxudicataria presenta unha solicitude de prórroga de 1 mes para a execución desta obra, coa seguinte argumentación:

*“...Que debido a problemas con el suministro de aglomerado, externos a esta empresa, no será posible terminar los trabajos dentro del plazo inicialmente previsto.”*

Con data 05.07.2023 (RE 2023/999/1488) a Sra. directora de obra emite un informe favorable á concesión desta prórroga de execución.

Con data 17.07.2023 emitíuse un informe favorable de Secretaría.  
Con data 27.07.2023 emitíuse un informe favorable de Intervención.

Por todo o exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Conceder unha prórroga de **1 mes** para a execución do contrato denominado “Senda peonil e ampliación de calzada en Cordobelas”, finalizando así o prazo de execución o día **10.08.2023**.
- 2.- Deberáse recepcionar este contrato como data límite o mesmo día **10.08.2023**.
- 3.- Dar traslado da presente resolución á empresa adxudicataria e á dirección de obra.”

Documento electrónico, asinado dixitalmente cunha magnitude garante mediante cotexo na Sede Electrónica de Cedeira <https://sede.concellopedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## 6. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA «SUBSTITUCIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL “O BECO”»

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03.08.2023, que literalmente di:

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto:** APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA «SUBSTITUCIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL “O BECO”»

**Expediente:** 2023/C003/000010

Este concello necesita levar a cabo a contratación da obra denominada «SUBSTITUCIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL “O BECO”», segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro D. Miguel Fiuza Canosa en abril de 2023, cun orzamento total por contrata que ascende á cantidade de **249.948,37 € IVE** incluído.

A actuación que se pretende é a substitución do céspede artificial existente no campo de fútbol municipal “O Beco”, debido a que éste presenta unha serie de deficiencias que se pretenden subsanar para mellorar as instalacións existentes, así como procurar a mellora da súa calidade medioambiental e mellorar o uso e disfrute dos usuarios.

Constan no expediente iniciado para o efecto a seguinte documentación:

- Proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Miguel Fiuza Canosa (colexiado núm. 31.521) en abril de 2023, cun orzamento que ascende á cantidade de 249.948,37 € IVE incluído.
- Acta de replanteo previo de data 26.06.2023
- Informe técnico sobre as afeccións sectoriais de data 07.06.2023
- Autorización sectorial:  
Comunicación de data 21.07.2023 de Augas de Galicia, de conformidade coa Declaración responsable enviada.
- Informe técnico sobre a aptitude urbanística, de data 31.07.2023
- Providencia da Alcaldía de data 05.07.2023 proponendo o inicio do expediente de contratación da obra.
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 28.07.2023 asinado pola Alcaldía.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 28.07.2023.
- Informe xurídico favorable, de data 28.07.2023.
- Informe de fiscalización favorable, emitido pola Intervención municipal o día 28.07.2023.

Unha vez vista a documentación que se cita, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1. Aprobar o proxecto técnico denominado «SUBSTITUCIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO

Documento electrónico emitido dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotejo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.cca.cedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL “O BECO”», redactado polo enxeñeiro D. Miguel Fiuza Canosa en abril de 2023, cun orzamento total por contrata que ascende á cantidade de **249.948,37 €** IVE incluído.

2. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para o proxecto denominado «SUBSTITUCIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL “O BECO”»
3. Autorizar, en contía de **249.948,37 €** (IVE incluído), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada.
4. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado «SUBSTITUCIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL “O BECO”» por procedemento aberto simplificado e asinado pola Alcaldía con data 28.07.2023.
5. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de (20) días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## 7. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, a seguinte proposta:

### 7.1 APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO II CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO “FUSA GUILLÉN”

Vista a proposta da Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.08.2023, que literalmente di:

#### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

#### **Asunto: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO II CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO “FUSA GUILLÉN”**

Conforme ao previsto no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, o municipio ten competencia en materia de promoción da cultura.

O Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén” nace coa vocación de promover actuacións de compañías de teatro afeccionado galegas e organizar actividades relacionadas co teatro que melloren a vida cultural da Vila de Cedeira.

Resultando que dentro do orzamento para o exercicio 2023 figura unha partida para premios de cultura na partida 334.480.00, establécense nas Bases do presente Certame premios por un importe total de 1.800 euros.



Consta documento de retención de crédito (RC) número 22/2023 – 220230006875.

Conforme as atribucións que me confire a normativa vixente, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o gasto para a convocatoria do II Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén” por un total de 1.800 euros na partida 334.480.00.

**SEGUNDO.-** Aprobar as bases da convocatoria, que se incorporan como anexo á presente proposta.

**TERCEIRO.-** Publicar as bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

#### ANEXO

#### BASES: II CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO “FUSA GUILLÉN”

##### 1. OBXECTIVO

1. O Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén” nace coa vocación de promover actuacións de compañías de teatro afeccionado galegas e organizar actividades relacionadas co teatro que melloren a vida cultural da Vila de Cedeira.

##### 2. PARTICIPACIÓN

2.1 Este certame só está aberto a grupos de teatro afeccionado.

2.2 Só se admitirá unha obra por grupo que queira participar.

2.3 As obras deberán ser representadas en galego e terán unha duración mínima de 50 minutos.

##### 3. INSCRICIÓN

3.1 Para poder participar os grupos deberán cubrir unha solicitude xeral, ben presencialmente no rexistro xeral ou na sede electrónica do concello, incluíndo os seguintes datos:

- Nome do grupo
- Datos de facturación
- Nome da obra de teatro a representar e sinopse
- Persoas que participan na obra (elenco e persoal técnico)
- Enlace a vídeo onde poder ver toda a obra, ou unha parte suficientemente representativa
- Tres fotografías da obra en boa calidade. As fotografías presentadas poderán ser usados polo concello para publicidade do Certame de Teatro.
- Preferencia de datas

3.2 O prazo de inscrición será do día 20 de agosto ao día 20 de setembro de 2023

##### 4. CALENDARIO

4.1 O Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén” terá lugar os días 14 e 21 de outubro e 4 de novembro de 2023 no Auditorio Municipal de Cedeira.

4.2 O horario das representacións será ás 20:00 horas.

##### 5. SELECCIÓN

Documento electrónico conxunto dixitalizado cuxa integridade garantese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.cedeira.gal/verificador> es co (Código de Verificación Dixital (CVD)) especificado á marxe.



5.1 Unha comisión seleccionadora composta por tres persoas da concellería de cultura e das artes escénicas será a encargada da elección dos tres grupos e dous reservas entre aqueles que formalizasen a súa inscrición en prazo, non podendo realizarse reclamacións a dita selección.

5.2 Unha vez seleccionados os grupos comunicaráselle a súa elección e acordaranse as datas de representación. Se algún grupo non poidera actuar nas datas previstas polo certame, descartarase a súa participación pasando o seguinte da lista a ocupar o seu posto.

## 6. REPRESENTACIÓN

6.1 Os grupos seleccionados terán a súa disposición o espazo para a montaxe do espectáculo desde as 10.00 h até as 14.00 h e desde as 16.00 h até media hora antes da representación.

6.2 Os grupos contarán co material técnico do auditorio (iluminación e son) e co persoal propio do mesmo.

6.3 A organización non facilitará elementos escenográficos de ningún tipo. Os labores de carga/descarga e montaxe/desmonte de decorados e escenografía serán realizados integramente por persoal do grupo seleccionado.

## 7. GASTOS

7.1 A organización aboará a cantidade de 600 € a cada grupo seleccionado en concepto de gastos pola actuación.

7.2 Para poder facer efectivo o ingreso dos gastos, os grupos seleccionados emitirán unha factura por un valor total de 600 € dirixida ao concello de Cedeira a través da sede electrónica do concello especificando no concepto a súa participación no certame.

## 8. CONFORMIDADE

8.1 A presentación da documentación esixida implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

8.2 Calquera circunstancia non prevista nestas bases, así como a interpretación das mesmas, será responsabilidade do Concello de Cedeira, sendo as súas decisións inapelables.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:25 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ

FIRMADO POR Ana Velo Ruiz (FECHA: 14/08/2023 09:36:00)  
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 14/08/2023 10:24:00)

Versión imprimible

CVD: 8CsKremxH9oiPhIstqtoQ  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.